CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 3 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o procedemento de participación no Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe) en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e nos programas complementarios Radio na biblio, Biblioteca creativa e Lectura e familias para o curso 2026/27.

Advertidos erros na citada resolución, publicada o día 03/07/2026 en https://www.edu.xunta.gal/portal/node/50332, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Onde di

Sexto. ***Criterios de selección para centros de nova incorporación***

Valorarase o proxecto de acordo cos criterios e puntuacións que figuran no anexo II, ata un máximo de 100 puntos.

Debe dicir

Sexto. ***Criterios de selección para centros de nova incorporación***

A selección dos centros de nova incorporación, no caso das solicitudes correspondentes ao nivel I (Plambe), realizarase mediante a valoración do proxecto presentado, de acordo cos criterios e a baremación establecidos no anexo II da convocatoria. A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos conforme aos criterios recollidos no citado anexo.

Para as solicitudes do nivel II (programas complementarios), a valoración efectuarase tomando como referencia a cualificación obtida na memoria do Plambe correspondente ao curso 2025/26, segundo o establecido no apartado 15 da Resolución do 4 de xuño da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2025/26.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Asinado por: JUDITH FERNANDEZ NOVOA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/08/2026 18:54:51

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: gq78b9ZQFaT9 https://sede.xunta.gal/cve